

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 601/2009, DO 29 DE SETEMBRO.

Vista Resolución da Alcaldía nº 593/2009 do 25 de setembro pola que se acepta a renuncia voluntaria presentada por D. Alejo Regueira Martínez con DNI nº 52.435.506-Z ao seu posto de traballo como peón de brigada de pronto auxilio, dando de baixa o contrato laboral formalizado con este concello con data 17 de setembro en virtude do nomeamento por Resolución da Alcaldía nº 565/2009 do 15 de setembro, con efectos de 25 de setembro de 2009.

Visto asimesmo que na citada resolución se concede a D. Adán Mourín Suárez con DNI nº 53.304.094-F, como primeiro aspirante na lista de reserva para cubrir a vacante, un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para que achegue toda a documentación esixida nas bases de selección.

Consonte co preceptuado nas bases novena e décima da convocatoria para a contratación laboral de 12 peóns da brigada de pronto auxilio do concello (programa de cooperación 2009) aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 504/2009 do 17 de agosto, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Nomear a D. Adán Mourín Suárez con DNI 53.304.094-F, como persoal laboral temporal, para o posto de peon de brigada de pronto auxilio deste Concello, cunha duración dende o día da sinatura do contrato ata o 16 de marzo de 2010, baixo as condicións establecidas nas bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía 565/2009 do 15 de setembro.

SEGUNDO.- Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa páxina web.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinteno de setembro de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.